



M^a DOMINGA BRION SANMIGUEL, Concelleira-voceira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte moción ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coa demanda dunha **actuación integral na Rúa do Pombal en Ribeira.**

EXPOSICION DE MOTIVOS

A Rúa do Pombal, en pleno casco urbano de Ribeira, presenta un aspecto moi deteriorado pola falla de investimentos en toda a rúa dende fai moitos anos. Pódese dicir que a maioría das actuacións de conservación así como a limpeza da rúa son feitas pola veciñanza.

A última obra efectuada polo goberno municipal foi hai 12 anos. Daquela puxéronlle escaleiras e parte do pavimento, sen cambiar as tubarias. Concretamente as de auga potábel son de uralita e colocáronse hai máis de 40 anos. A frecuente rotura das mesmas ocasiona inundacións nas vivendas.

Tamén é necesario dotala de novo saneamento con separación de fecais e pluviais. Ademais, nas obras de mellora feitas a carón, colocáronse tubarias de maior diámetro que van a desembocar nas desta rúa, máis vellas e estreitas, o que pode provocar roturas e inundacións nos domicilios.

Consideramos tamén moi importante a dotación a todo o barrio dun espazo de lecer ao que poida ter acceso toda veciñanza. Neste senso, a adquisición por parte do Concello dunha parcela existente no lugar podería solventar esta carencia.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG solicita o apoio da Corporación Municipal para adopción do seguinte

A C O R D O :

Que o Goberno Municipal reserve unha partida no orzamento deste ano para levar a cabo unha actuación integral na Rúa do Pombal que supoña:

- **O cambio das canalizacións de auga potábel e de saneamento de toda a rúa, separando pluviais de fecais.**
- **A colocación dunha boca de rego para facilitar o labor dos servizos de limpeza e a actuación dos bombeiros en caso de incendio.**
- **A dotación de novo pavimento, mellorando a accesibilidade de toda a rúa.**
- **O acondicionamento dun espazo de lecer, negociando a adquisición dunha parcela alí existente.**

Ribeira, 18 de abril de 2008

Asdo.: M^a Dominga Brión Sanmiguel

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA